Núm. 90

Tomo 8.°



nós

NÓS

BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Adeministrador
ANXEL CASAL

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:
Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:
Hortas, 20 — SANTIAGO

ABONAMENTO

Doce númaros, na Península	6'00 *pesetas.*
Fora da Península	8'00 »
Número solto	0'70 »

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

NOTA

Este boletín non pubricará mais orixinás qu'os que foran direitamente solicitados pol-a Direición. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

SUMARIO

O Relembro do Clán, POR RAMÓN CABANILLAS.
Perspeitivismo, esprito e lingua, POR MANUEL LESTEIRO.
A Sirena, POR RAMÓN OTERO PEDRAYO.
Arquivo Filolóxico i-etnográfico de Galiza.
Os homes, os feitos, as verbas, POL-A REDAÚCION

IMPRENTA "NÓS"
Facturas - Estados - Libros - Revistas e toda crás de traballos tipográficos
Trasmitanos os seus encárregos
Hortas, 20 SANTIAGO

Vicente Risco
Abogado
Santo Domingo, 47-2.º Ourense

nós

BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XIII ★ Ourense 15 de Xunio do 1931 ★ Núm. 90

O RELEMBRO DO CLAN

¡Ou, soave ilusión céltiga a da inmortalidade!
¡Ou, raza prisioneira da diviña Saudade!
Breogán, pai dos pobos, o das míticas velas
enfiadas a inota, mariña inmensidade,
tiña a arela inquedante de contar as estrelas.

Co-a sede de infinito que o seu peito runxía,
na costa brigantiña, sobre un rochedo, erguéu
unha torre de pedra. Dende a torre seguía,
cando sereo e limpo o ceo estrelecía,
o ir e vir dos mundos á voz do grande Theut.

Unha noite que os astros de luz doirada e rosa,
ficaron esvaídos no craror do luar,
esmeralda no seo de neve de unha diosa,
veu surdir unha illa incerta, vagorosa,
onde o ceo bicaba a liña azul do mar,

O neto de Ith, xuntando as hostes que comanda,
encastelóu nas proas a lucerna do Alén
e saiéu mar adiante até chegar a Irlanda.
E a illa misteriosa cruzóu de banda a banda,
cinguindo unha coroa máis fúlxida na sen

A espada escintilante tendéu os pontes sagros
do paraíso céltigo. Nos craros ourizontes
choutóu a luz a rir. Os verdeceutes agros,
os ríos cristaíños, os encrestados montes
enchían de dozura a illa dos miragros.

Mais, a pouco, Breogán desmaióu de inquedade.
Soñando c-o agurimo do clan velido e morno
e os ronseles que abrira do mar na imensidade,
fai resoar nos ventos o druídico corno
e aparellando as naves ordeóu o retorno
e emproóu a Brigancia, forzado da Saudade.

RAMÓN CABANILLAS

PERSPEITIVISMO ESPRITO E LÍNGUA

POR MANUEL LESTEIRO

No ensaio que sigue un iletrado—come cacahuetes, vai a «galiñeiro»—trata de pôr ó alcance de todal-as intelixencias a metafísica do idioma. Ten iste atrevimento porque decatándose da importancia de faguer comprendel-o probrema, cree lealmente que ninguén como un non metafísico pode falar ôs non metafísicos. E il n-istas custións da yalma—da psique, como dín os que entenden—pálpase moi cativiño.

Intenta chegar â comprensión mediante unha chea de conceitos vulgares e de tres ou catro pensamentos de HOMES, que n-istes derradeiros tempos áchanse con valor casi dogmático, debido á súa meridiana craridade. Istes pensamentos principaes van en maiúscula. Como aquelas vulgares novelas que teñen dous tídoos con «ou» no meio, o meu ensaio tidoaráse: **Perspeitivismo, esprito e lingua** ou **Lingua, esprito e perspeitivismo.**

—

Falemos do «perspeitivismo». Asegún a contestura espritoal de cada un, asegún o circo vizoso das súas costumes, asegún a súa situación xeográfica, crima e máis elementos que circundan e forman ô indivíduo —no senso ampro de individoalidade nazonal—CADA INDIVIDO OLLA O UNIVERSO DENDE UN ÁNGULO PARTICOAR.

As infindas impresións, ouservacións, pensamentos, todos istes elementos que se chaman «esprito» e que forman o incoscente que áchase en nós i-é superior a nós, que goberna os nosos autos con eiscrusión, na môrparte, da nosa vountade, vanse sedimentando e van formando os rasgos psicolóxicos, o contorno da yalma do indivíduo, i-eisí como o seu fillo herda a súa sangue boa ou ruín i-aquil parescido físico máis ou menos compreto que se chama «aire de familia», recibe tamén en gran parte todas aquelas olladas en col do universo, isto que se chama fondo ancestral, ou incoscencia.

—

A «supra-individoalidade do incoscente». O INCOSCENTE INFORMA OS NOSOS AITOS SEN QUE APERCIBAMOS A SUA INFRUENCIA MAIS QUE EN MÍNIMA PARTE.

O incoscente é un caudal de modalidades, facultades, aititudes, defeitos... que acumúlase en nós por herencia dos nosos pais, sóbor da que iles recebiron dos seus abós i-eisí en retrogresión. É o fondo ancestral que produz unha esencial difrenciación nos caraiteres dos pobos, costituindo os rasgos de cada «nacionalidade». Ollade istas difrencias marcadas de caráiter entre galegos, cataláns, casteláns, andaluces...

O conxunto de impresións coscentes que van sumarse no fondo espirtoal incoscente que é a modalidade peculiar de cada raza áchase costituído primordialmente en col dos pensamentos á que dan lugar isas impresións coscentes. Agora ben, non hai impresión coscente, non hai pensamento, namentras non se formula en verbas.

Sabedel-o tinte que o lingoaxe dona a cada pensamento e tendes notado A CORRESPONDENCIA ENORME ANTRE VERBA E IDEIA, a tal punto que se dí que falar é pensar en voz outa e pensar é falar pra un. As verbas formulan os pensamentos, i-os pensamentos en troques desespéranse pra arranxar as verbas, as sílabas, os sonidos, de xeito que estereotipen a súa xenuina faciana. O pensamento toma espresións idiomáticas axustadas a un peculiar estado de esprito, que renace no emprego d-istas espresións, por iso non hai boa poesía traducida, e as frases célebres teñen mellor substancia na salsa do propio idioma.

Un idioma está cheo d-istas «espresións-estados-de-esprito». Un idioma é unha lente que recolle no seu foco todal-as impresións dun pobo, dunha nación, en col do panorama dos séculos. Lente á cuio través ise pobo seguirá contemprando a súa circunstancia, ô seu arredor, asegún o feixe de lus que isa lente dona.

—

Un espellismo epidémico. Pero iste nome «verba» adoece do espellismo que ingana ôs homes, sufre da máxica de ter unha definición no dicionario: a verba non ten eisistencia individoal, unha morea de verbas tirada á repañota non é ren. A verba non eisiste, é a revertencia do esprito, a súa manifestación eisterna. A verba é a emerxencia do esprito á superfice material. A VERBA É ESPRITO, é pensamento, é incoscente, é «supraindividoal». Medra e remanece arredada e frecoentementes «contra» das academias que queren domeñala i-encarrilala, como manifestación que é do pensamento, sobr'o que o noso dominio é tamén moi limitado. Aproveitade un d-ises momentos en que o pensamento traballa, progrede ô voso pesar, pra decatarvos de que o centro dos vosos pensamentos non sodes vós mesmos, que non xira en torno â cativa cúspide da vosa vountade mais que n-unha mínima parte; estades pensando, a vosa maxinación vai á deriva no balbordo d-unha incoscencia formada pol-a circunstancia que vos rodea, pol-a vosa herencia espritoal, e cuio vértice é o fondo ancestral do pobo a que pertescedes, que ô seu turno xira en torno á un centro: a Humanidade.

Non pasáchedes ainda por un d-ises momentos en que o esprito «se desmanda»? Veleiquí o exempro do alquimista que tendo a fórmula «infalibre» pra faguer ouro non poido conseguilo porque o que lla dira adevirtíulle que non lle salería ben se pensaba n-un oso branco namentras a faguía.

Fixádevos en que iste fondo ancestral é un libro de contabilidade no que non hai páxina compreta se non recolle o «suma e sigue» da anterior.

—

Polémica. «Boh!—dirán moitos—as difrencias de matiz antre galego e castelán, por exempro, son ben liviáns. Non me parez que o esprito perda ren eispresándoo n-unha ou n-outra língoa». O matiz... Qué boa verba! Eu vín unha pintura no que o bermello e o marelo daban matices máxicos á unha posta de sol, pero vín tamén un mamarracho de cadro no que ises coores mesmos querendo representar outra posta de sol, semellaban mais ben un ovo frito con salsa de tomate.

Se queremos vivir a nosa integral persoalidade, se queremos dispor do noso ceibe esprito (hoxe hipotecados por unha língoa e unha estructuración estatal alleas) «temos de aceutar o noso propio destiño» (drama noso, intrasferibre, no esceario da vida) recollendo o «suma e sigue» do fondo espritoal do noso pobo, do que non podemos arredarnos sen perda.

—

Dixo Goethe: «SÔ ANTRE TODOL-OS HOMES CHEGA A SER VIVIDA A HUMANIDADE». Percibámol-o seu sifnificado de home-persoalidade.

A nosa persoalidade é a céltiga, atlántica, espritoal, xeórxica, humán profundamentes, humanamentes aristocrática. Ninguén ten dreito á atacala nen á negala, pero inda mais, temol-a responsabilidade hestórica, cósmica, de conservala e desenvolvela, Ren

importa mais que conservar e pulir as ferramentas d-ista caixa de canteiro (idioma) con que elevaremos e restauraremos o edificio espritoal da nosa persoalidade. Pensade se para percibir o panorama á que dá iste edificio, pódese desbotar a crara lus d'un esprito desembarazado.

A Humanidade (e casque todos nós, dentro d-ela) non olla, se non decata, do panorama espritoal galego, a vida galega, está en suspenso, só vive en potencia.

A Humanidade é orgánica, é un organismo hoxe mais que nunca artellado por fastuosas posibilidás de relación antr'os núcreos que o costitúen. Como os das avelaíñas, os seus ollos son polifacéticos, cada esprito avizorante (cada pobo, cada raza, cada home «vitales», non mortos ou en estado potencial) é un ouservatorio, unha faceta que recolle no seu feixe óptico luzadas orixinás. Ás vegadas un ouservatorio rexistra datos intresantísmos en col d'un ecrise, enteiramentes inapercebibres en outro meridián.

Preparémol-os catalexos n-iste belido remanso da Humanidade que é o noso fondo ancestral pra ver no noso hourizonte o maiífico ecrise, millor dito, a superación, do materialismo, feito no que a anterga e depurada espritoalidade galega pode deitar a verde lus da súa campia maternal i-eterna.

Ben é que poñamos lentes afumados pra percorrer baixo un sol despiadado polvorentas estradas e camiños d'outras latitudes, mais pra percebir a «nosa xenuina realidade» compre ter a retina ben espida.

A S I R E N A

POR RAMÓN OTERO PEDRAYO

—«E logo que hai de novo señora Delfina? ¿Quén é ise hóspede que tén no coarto grande do balcón?, preguntóu o sarxento da Guardia civil, pousando o vaso de Ribeiro i-enxugando c'un branco pano, dobrado en catro, os grandes bigotes de regramento.

—«Pois apenas lle sei o nome», respondéu a dona da pousada, grande matrona de tres papadas, ventre cupular, mans mimosas de taberneira grasa qu'inda gardaba da levián mocidade un fondo verdecente nos ollos e baixo o pano coorado un loiro froitoso de carrolo i-orellas feitucas. «Mais ser êlle de boa caste. Vosté ben o debe coñecer ¿se non lembra do pazo da Mirteira, aquila casa grandisma con cinco alciprestes mouros i-unha cheminea linda, aló, xa na montana, por riba da regata das Fervenzas? Xa se m'esquencéu o nome da parroquea.... Vese ben o pazo dend'a revolta da carreteira, pasad'a ponte vella de Frouxán... ¡Xa fai anos que non pasei por alí! Sendo nena, íbamos miña tía e máis eu á mercar as peras do pomar... Ainda hoxe acertaría c'a nespereira qu'hai no medeo d'unhas carreiriñas de mirtos ben xeitosas... Pois ise señorito élle d'aquila caste. Din que ven de lonxe. Apenas fala con ninguén. Pódia que sofra d'algún mal d'amores...»

—«Sí, sí. Ben me decato. N'aquila parróquea. San Breixo das Touzas; hóubolle, ainda non vai pra moito, unha boa niñada de rapiñeiros... Xa teño merendado no pazo. Había un señor, velliño moi divertido... Il mesmo baixaba â bodega... Había tamén unhas señoras quentándose na cheminea. Ise mozo será neto do vello... Como é xente que nunca baixa â vila»...

O sarxento sacóu un pito do bolsillo da guerreira, considerou un istante a caída dos pantalós gris sobr'as botinas de elástico negras, facendo xogo co hule embazado do tricornio e marchóu pol'a rúa abaixo co contoneo un pouco grave e pintureiro de quen axiña será teniente.

A Delfina seguíu trasfegando a unhas botellas poliédricas que gardaban etiquetas de anisados o licor-café oleoso e lixoso dunha xerra panzuda. Disfroitaba n-aquiles momentos da soedá da casa, sentíndose máis raíña que nunca, tral-o mostrador de carballa rexa, remendado con folla de lata; entr-as pipas de viño, postas como morteiros de guerra, sobre pés cruzados, os caixós de tabaco, libritos e fósforos, as medidas de capacidade pra os líquidos, os estantes onde se ordeaban un mundo de cousas crasificadas cun incoscente criterio decorativo: os paquetes de velas luxo das veladas longas, das aldeias, os botes de especies locindo etiquetas de violentos coores, as botellas tráxicas, de borracheira de pesadelo i-asesinato do rhón, as inocentes de anises cas suas paixases xiadas do norte, o muiñiño nigromántico do café, as libras do chiculate postas coma volumes ou ladrillos, as probes pastas da sopa, os carteles das compañías de navigación, as baterías de Skodas das graciosas, a pipa poderosa do aceite, a branca málenconía do sal. Mais, na tenda, non soilo se despachaban adxetivos i-epítetos de comer, beber i-arder, además do verbo do viño i-aceite. No escaparate soñaban, coma nun aquarium, roxas langostas, comprexas e finas, grandes pescados decorativos, de pintura veneciana, e todo o que Deus criou no mar, na mariña e na montana: queixos frescos bós, amigos das camiñatas; perdices coor de serra, con solpor no colo, untos coma panzas; ristras de chourizos, rosarios das devocións pantagruélicas, esfolados años virxinás de gosto primadeiral, cachuchas de fociño curioso, orellas acenando pol-a gula, poderosas, feias e inquedantes com'os monstros do Pórtico da Groria compostelán; xamóns pendurados, trofeu das campañas do inverno, consolo da vista, lembranza da lareira cheia i-afumada. Todal-as sazóns da campía, todal-as sazóns do mar e da praia sucedíanse, conforme o decorrer do Zodíaco, no escaparate, rei da rúa encostada, laxeada e resoante. A casa, grande, cómoda, esparramada, tiña renchente escaleira, grandes habitacións avigadas, con fiestras verdes, i-as da parte traseira, un espaciado balcón de pau sobr'a horta mol, i-a paisaxe dos montes, i-un chisco de mar folgado en areials marelos, cinguidos por fatos de piñeirás.

O novo hóspede —D. Lionardo— chegou xa tardeiro na serán chuviñenta d'outono. Viña mollado, i-a esguía figura, apoiada n'un caxato, cruzóu entr'as mesas dos bebedores na taberna. Xa no coarto, D. Lionardo, sin dar luz, deitouse no leito. Disfroitaba ca loita das patas d'araña da choiva, teimando agarrar nos vidros a derradeira mariposa, lucente i-asentada, do día. Pelexaban n'il dous xéneros de impresións: paisaxes e xentes espranzadas, un esforzo aldeán, un ensoño de vaguedás e confianzas de barcos con visións de malícia labrega, porcallada voluntaria de xentes e d'ideias. O casino, o xuzgado, o palco da música, os señoritos, o viño, a augardente. Forzas iguás que o afundiron n'un morno equilibrio: ¿Sempre será así miña Galicia?, pensaba. «Terei que refuxiarme no narcisismo e na torre de marfim?» Había libros encol da mesa, coartillas brancas, unhas cartas de letra e posta lonxana. As mans da noite, pesábanlle nos hombreiros, afundindoo n'un desespero tranquío, xa preto da renunciación. Se non astrevía á confesarse derrotado, e por fuxir d'ista urxencia, agardaba con ansias a hora de cear apesares da sua timideza.

Abaixo, os hóspedes tomaban a chiquita con amigos da vila. Pequenos curiales, amigos de debullar unhas latas de conservas, regando con viño as mormuracións d'escribanía; señoritos irénecos, a forza de se decatar, sin valor e sin forza; comisionistas cantarruxando anacos de *couplets* destinxidos, de parva canallería. Outros, alí preto no casino, comprían o deber de lêr os xornás desérticos i-espiñentos da provincia, ou cos dedos i-os beizos lixados pol-o cigarro amargo, xogaban ô dominó i-as cartas. As fiestras, outas ou baixas, na noite, deixaban traslocir, cada unha, o seu pesadelo diant'o inverno. Na vila, d'aquila hora, soilo había duas cousas nobres e puras: un balbordo de mar i-algunha cantiga mariñeira no peirão, no pantásteco arboredo dos palos dos barcos.

No comedor dispuxéronse, arredor da longa mesa, os fixos i-os de paso. O notario rosmaba ca criada porque lle cambiaran a servilleta. Il ben coñecía a impresión dos

seus beizos viñentos. Dous ou tres comisionistas, comentaban, sin vergonza, as pernas das rapazas vistas no pascio dos arcos, con moita satisfaición do capitán de carabineiros; tamén il, home de mundo, afeito ô vivir libre. Unha rapariga da aldea, que viñera co seu pai, por un preito, comía con requintada curtesía, agarrando o pan ca servilleta. Había outras xentes enxoitas pol-a avaricia, a envexa, o mando, o negocio. Don Lionardo comía axiña, molesto ô sintir pousados nil ollos esculcadores, e non podía romper ca verba que quixera dicir. Entre cucharada e cucharada de sopa, pensaba a frase que inda non salira, cando o membrillo facía a volta da mesa i-as mans manexaban enérxicamente o creba-noces e viña a ronda de cigarros de 0'60. «De fixo, son un desgrazado», cavilaba D. Lionardo, voltando ô seu coarto. Mais, pol-a mañán cedo, tremaba d'emoción pensando nas descobertas do día.

E chegou o cordoazo de San Francisco, os Santos, o inverno. O vento peiteaba á contrapelo os piñeirás; os charcos da praza gardaban todo o día un refrexo morno de luzada tristeira. Novenas. Un grande crego tronaba na eirexa, alomiada, contr'as faldas curtas. Chegaban os autos de liña navegando na lama, cos motores acatarrados i-os paquetes de xornás, c'un ritmo lonxano de mundo. No casino, algún fidalgo da montana, emperrábase en perder á cotío. A curia rasgueaba letra porcesal nun bafo de tinta, friaxe, mala fé e porco piso salivado. O Notario non se falaba co Rexistrador. O xuez dáballe esquinazo ô cacique. Un rapaz do pobo pubricou un libro n'unha imprenta de lonxe, i-as tertulias do casino detiveron un istante seu xogar pr'arrincarlle o pelexo ás tiras. Pol-as noites, estrondaba a farra dos esmorguistas: cambeaban os letreiros das tendas, arramblaban cos licores da Delfina pra se emborracharen, n'unha barca, no mar perigoso. A xente xa non se fixaba no Don Lionardo: salía todol-os días pol'os arrabaldes e afixéronse á ouvir contar como se baña n'unha deserta praya. Provisionalmente calificárono de tolo, e ficaron sadisfeitos. Gastaba horas largas ollando pr'a mar. Na tertulia máis empingorotada das señoras finas que non baixaban ô cine, un fidalgo vello falaba d'il: —«Ise rapaz leva algo en sí e xa falará co tempo. Eu sei un pouco da sua traxedia. Ama, como eu amei, ôs labregos i-os mariñeiros, as lêndas antigas; e un pôrvir pra Galicia. Eu amolecín n'iste noxento vivir. Il non. Triunfará, pois sabe calar, disprezar i-agardar. A min matoume iste meu falar sin tino i-o gosto do viño e da priguiza.»

Houbo unha tempada de temporal duro salferido de naufraxios e mulleres despeitadas e chorosas no peirao. Mais ben amolecía a indefrenza da vida. Ata que un día, â noitiña, dend'a pousada da Delfina, deica o salón das señoras i-o despacho da reutoral correu pol-a vila unha nova estrana, inquietadora.

¿D'ónde xurdiu? Apenas se podía detremiñar. Os feitos eran poucos, raros, máis sin espricación doada pr'a lóxica dominante da vila. Todo se sufincaba no que vira a criada da Delfina, a pousadeira.

Don Lionardo faltaba d'ela iba pra tres días. ¿Morrería na mar? Ninguén cavilou nil. Mais, pol-a noite, despoixa de cear, baixo a chuvia desfeita, apareceu traguendo n'os brazos un longo bulto estrano, deitando auga, brilante como un ser mariño na pouca luz da taberna. Il traguía a cabeza espida, os cabelos apegados pol-a auga salgada, os ollos locentes, outra voz e outro mando. Pechouse no coarto e recramou café e rhón, baixando il mesmo á recollelo no mostrador. A criada ficou cheia d'asombro. D'aquila hora non chegaba coche, nin barco. Don Lionardo, o tolo que xa tiña unha lênda entr'os pescantís, traguía aquilo da praia. E da conferencia entre a Delfina i-a criada, xurdiu a sentencia inapelabel: D. Lionardo trouxera â pousada â sirena dós mares. De fixo estaban citados. Algúns mariñeiros ouvírana, con medo, cantar nas rocas verdes e perigosas. A especie, apesares das risas de rúbrica do casino, foi percorrendo a vila. Había, dend'os tempos lonxanos da navigación á vela, dos patróns heroicos, dos fidalgos temerarios e dos cregos calristas, unha gran necesidade de maravilla na pequena poboación embestada. O sentido común i-ata a cultura xeneral quedaran vencidos. Ademáis, elo espricaba o caráuter de D. Lionardo. Il conquerira o amor da sirena fer-

mosa e crudel, soilo rendida pol-a tola adoración do mozo calado. Il lle contaría cousas maravillosas nas furnas dos roquedos, entr'o tecer e destecer dos brancos, veos da escuma batida. Il non tivera medo, nas augas treidoras, o locir dos ollos verdes do abismo, nin o xogar enganoso da cabeleira salferida coma un mollo de sargazos, no curvar istantáneo da onda. Unha estrela tremando antr'as nebras, siñaloulle con dedos de lús o pazo mariño da sua amada. As pillaras celebraran os esponsales voando en nube desfiada i-os mouros corvos, asambreiados no areal, contaban que o home páledo roubara â terribre deidade pra se casar co ela e iren vivir xuntos no pazo da montana.

O xefe dos carabineiros sospeitaba un alixo, o sarxento da Guardia civil un crime, o casino non sospeitaba rén, o abade, home leído, furábase os miolos lembrando cousas dos Santos Padres, lêndas dos nobiliarios, páxinas do P. Feixóo. Quén o sabe! ¿E con que rito será baptizada? Pois D. Lionardo, fillo de boa caste, se non pode casar c'un ser cuáseque diabóleco. E por un día enteiro, unha febre de misteiro i-unha quentura anterga, fixeron subir o termómetro moral da vila, i-un intrés angusteoso cinguía a habitación da solaina na pousada da Delfina. Todol-os hôspedes soñaron ou pensaron nos seus leitos iren n'un barco negro e sin guía, levados por un vento invisibre car'un archipiélago de illas que, coma testas de monstros, xurdían das augas tempestosas, ou car'un Mäelstrom, circular abismo estrondoso de salaios de morte e naufraxio. Todos, máis ou menos, tiñan algo do mar, por máis que no seu vilego vivir o desprezaran, i-agora, ca presencia da sirena, racháballes o sono un cantar de fillas da onda salgada, fermosas e crudeles. Cantiga doce d'ouvir sin se ir decatándo que chamaba ô viaxe que non ten volta sinon no tráxico tumbar das olas, cospindo na praia espantallos de cadavres d'afogados... Nas señoras vellas xurdían anacos esquencidos d'historias ouvidas âs suas âboas i-os capitás do largo do tempo do escorbuto, das calmas chichas e dos pulpos que pechaban os estreitos e agarraban âs naos. O notario, un pouco poeta, premiado nos seus anos mozos, sentía no pesadelo un decorrer de barcarola; os cregos, pregaban que a man de Deus, rachando as nubens, aquietara as augas. Do pobo —da Delfina, das criadas, dos mariñeiros, dos patrós, dos carabineiros, dos labregos...— n'hai que falar. Todo il sabía con gozo, misturado de medo, cómo a sirena estaba alí, n'un coarto da pousada, collida nas redes do amor, ela que fuxía das máis fortes redes mariñeiras, abrazada cos brazos d'escuma, cinguindo o corpo tentador, envolvendo en cabelos fresqueiros e recendentes, ollando ca luz das profundidás mariñas i-azoutando apaixoada ca cauda de prata, sensoal e xogantina, a un home que era dono de namorala e tirala dos seus palacios de coral e xoias nas cavernas do fondo. O pobo sentía a maravilla i-a sadisfaución de ver comprida realidade unha crencia sua. E todo o pobo, griseiro, indifrente e servo, pasaba unhas maravillosas horas mitolóxicas, das que soilo se exprimentan algunha vez en moitos séculos, como si o mundo volvera á ser novo e falara o mar, as pedras i-as aves. Había outras estrelas no ceo i-o mar saloucaba nos praiales a door de verse privado —il, gran vello sinxelo e terribre— da sua raíña armoñosa e belida. «A sireniña non canta», decían baixiño as mulleres nas portas, «porque ten os beizos atafegados en bicar».

Mais, chegando a luzada do día, chegou co ela o sentido común, o tío serio i-enloitado que curta os ensoños azados dos nenos, o enxoito dono da espranza volgar, o profesor de texto oficial, o tío Paco das rebaixas, o libro de contas das emocións. E tamén esbirrou solenemente a cultura xeneral, facendo seu razoamento: a sirena non está nos libros de Odón de Buén, *ergo*, a sirena non está crasificada porque non-a hai. Cada un volveu ô seu oficio, i-a pagar o seu trabuco ô goberno da costume. Soilo as masas mariñeiras tiñan ollos de noite e de misterio. A Delfina xa cavilaba a maneira de cobrar a entrada ôs que quixeran ver a húmida contralto da mar. De paso farían gasto, pois, ca novidade, afróxanse os bolsos, e podería despachar moitas botellas de dubidosas pócimas.

Conforme descía a mañán, houbo gran movimento nas outas esferas: o alcalde cu-

rado d'espantos pol-o telegrafista, que non lle quixera cursar un parte, comunicando a nova ô Goberno civil, axuntou ás forzas vivas. O crego, os médicos, o boticario, o mestre, diron seus informes verbales un pouco confusos, i-o do boticario, home sospeitoso de nigromancia, deixando marxe a todal-as interpretacións. Resultado da reunión foi o avanzamento do sarxento da Guardia civil, do de Carabineiros e do xefe dos villeus, en grande uniforme e andadura marcial pr'a pousada da Delfina: a sirena non se suxeita ás leis nin siquer á xurisdición do comandante da Marina. É, en certo modo, cousa dos homes da mar e ten dreito a s'enamorare cando queira. Mail-os tres, co oficio do alcalde i-a autorización do xuez, domeando a resistencia da Delfina, entraron na pousada e petaron, un pouco páledos, na porta de D. Lionardo. Fóra quedaba a enorme emoción da xente, todol-os oficios parados, baixo a chuvia terca do inverno.

Pouco durou a agarda. Abrindo calle pol-a xente sairon os tres uniformes i-un trono de mil voces saludou a aparición de don Lionardo e da sirena collida do seu brazo: loiros e crariños os cabelos s'afiudaban nun rodete sobr'o colo branquismo e facian un pórtico oxival alongado pol-a raia ô medeo, a frente, o doce dibuxo da cariña na que ardía a tranquía lus verde dos grandes ollos socegados e fondos; un impermeabre, como d'algas mariñas, cobría e moldeaba un corpo lanzal i-apoiaba a man engantada n'un bastón craro de puño de marfin. O berro trasformabase en aprauso pechado que xa invadía a praza dos arcos dinantes de chegaren os dous ô consistorio. Mil ollos asombrados procuraban a cauda e soillo atopaban o andar grave e firme dos pes calzados de fortes botinas de sport. Indefrente á chuvia camiñaba cun ollar lonxano. Non s'apagaran os aprausos cand'os dous xurdiron no balcón do Auntamento. D. Lionardo fixo un gran ademán pedindo silencio e falóu:

«Meus veciños! Êu non sei si ésta muller que vos presento é ou non a sirena dos mares. Êu faleille en terras afastadas, máis aló do circo polar ond'as augas carrexan centileantes icebergs i-o sol brila no houirizonte ás doce da noite do vrán. Ô falárlle e procurala pensaba nista probe terra de Galicia. Êu quixena redimir da sua miseria moral mais pra elo non tiña forzas. Precisaba o apoyo d'unha fada ou sirena do norte frío, do norte puro, sempre novo e purificador. Ela escoitóu meus rogos e ven cabo de mín. Somos esposa i-esposo. Imos vivir no pazo da Mirteira non pra folgar na baixeza dos señoritos sinon pra loitar pol-a felicidade da montaña e da mariña. Ent'ros dous daremosvos a forma d'un novo vivir. Guiaremos i-aconsellaremos o labrego i-o mariñeiro, teimaremos ceibar a vila das más costumes noxentas i-envilecedoras. Cecáis agora non comprendades ó que vos quero dicir. Xa o veredes andando o tempo i-o exempro noso. É preciso que n'ista terra brile tamén o sol da medea noite!»

«¡Viva a Sirena! ¡Viva a Sirena!» cramaba a vos infinda do pobo.

O certo é que dend'aquila noite trocaronse moito as maneiras da vila. Os señores da Mirteira baixan i-ensiñan sports novos, fán e dirixen escolas, tran confrenciantes, aconsellan outros tipos de vivenda, imprimen seu ronsel nos mariñeiros e nas industrias do mar e do agro. Pra xente do mar ela sigue sendo a sirena, i-un fato de rapaces que xa bulen moito presentan a candidatura do señorito da Mirteira, pr'as proisimas eleuciós de Diputados.

Romantismo, Saudade, Sentimento da Raza e da Terra en Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Pondal

ACABA DE APARECER ISTE NOVO LIBRO DE RAMÓN OTERO PEDRAYO

Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

NOMENCRATURA DA MOEDA DE COBRE NOS POBOS GALEGOS

A moeda de cobre, por ser a máis modesta é tamén a máis popular e, por tanto, teñen máis variedade os seus nomes que calquera outra, inda que, como a peseta, sirva de tipo monetario, ou tal ves por iso mesmo. Sabemos que nas localidás que se indican dáselle os nomes que seguen, asegún os nosos apuntes recolleron:

En terras de *Arousa*, Villaxohán, vgr. chámase â peza de dez céntimos *cán* e *patacón*, e â de cinco céntimos *cadela* e *chica;* en *Compostela* e veciñanzas, noméase, â de dez cts. *can grande* ou *cabalo*, eisi como *perra* e *can pequeno* â de cinco; no *Ferrol* reciben, as pezas de dez e cinco, os nomes de *mota* e *tico*, respeitivamente.

De eles, os máis antergos son, indudabelmentes, os de *patacón* e *mota*, posto que, o primeiro, aparez apricado nos tempos da Casa de Austria, á moedas de prata recortadas de unha onza e tamén ôs pesos, e o segundo era o propio do cuartillo de real, ou moeda de vintecinco cts. n-unha peza no século pasado ainda, de onde se traspasou â reforma monetaria actual. Os demáis nomes son enxebremente populares e derivan das representazóns que ostentan as mesmas moedas no campo seu, habendo algúns que, ainda que importados, como *chica*, non son apricados co senso adxetival que â sua condizón vai implícito, senón como sustantivo de que se ten esquencido a procedenza e do que se iñora a alleeira siñificazón.

F. BOUZA-BREY

CALIFICATIVOS DAS BAÑISTAS DA MONTAÑA NOS PORTOS GALEGOS

A indumentaria, os costumes e o deambular pouco desenvolto das xentes do interior da nosa terra, causa estraneza nos portos ônde baixan na tempada do vran pra tomar baños de mar. De eiquí nacen diversas maneiras de ser coñecidas, que adequiren carácter de xêralidade en cada unha das localidás pol-as que se extende o calificativo burlesco sempre.

Mantidas, chámaselles en Marín e Vilagarcía, a cuia denominanza respostan elas decindo: ¡afamados! ôs chamadores; *palmatorias*, díselles en Vilagarcía; *poubanas* en Vigo e Pontevedra; *catalinas* na Cruña, onde tamén teñen o nome de *postales*, pol-o que, así como pol-os de *canouras, candelarias, canónigas* e *bienvenidas* son coñecidas en Ribadeu.

F. BOUZA-BREY

A ESPIRITADA DE GONZAR

N-un papel manuscrito pol-as duas faces en letra de primeiros do século dezanove, de grandor de quince por vinte centímetros, pertêcente ô arquivo familiar dos Lousada, cuio representante era o gran galego Lousada Diégues, en poder hoxe de Doña María Lousada, de Eirín, residente n-A Estrada, tópanse as novas que van seguidamente, referentes a unha espiritada semellante â de Moeche da que se ten ocupado n-esta mesma revista o médico cruñés Urbano Lousada Martínez —vide núm. 29 da revista NÓS— estudándoa xuntamentes co caso do proceso Ramilo.

É posíbel que tal papel sexa cópia de algún boletín do tempo que dése conta do asunto, mais en todo caso será de utilidade o traguelo a ista seizón. Dí de iste xeito:

«En el camino que ba pra Sn. Lázaro de Santiago a Lugo como cosa de media legua antes de llegar a Sn. Gregorio, al lado izquierdo del camino y a corta distancia está sito el lugar llamado Carvallino, parroquia

de Sta. María de Gonzar, en cuyo lugar vive Josefa Torres, viuda de Roque Toxo, su edad según su aspecto de tal entra quarenta años.

Hay como unos diez Años que se halla baldada en cama y los primeros comía alguna cosa, despues poco a poco fué minorando la comida y de unos seis a esta parte nada ha comido ni vevido ni echo depocisión alguna por una ni otra via.

Tiene la cara bastante hermosa, cutis brillante y muy tersa y de un bello color y con las carnes correspondientes a una mujer sana de su edad, labios colorados, ojos cerrados y como adormecida y si le hablan algo los entreabre y contesta con movimiento de cabeza poco sensible, no tiene casi movimiento y cuando mas si le mudan la cabeza la deja caer a un lado, y tal cual vez se observa que con una mano sube un poco la sábana, el pelo suelto, largo y tendido, sin piojo ni liendra como si se lo peinaran a menudo, sin embargo que pasa de los seis años que no la han peinado ni lavado ni mudó la camisa y aunque alguna mosca se le asiente en la cara ningún movimiento hace. La visita su cura párroco con quien se confiesa no se sabe si por señales o a boca y de Mes en Mes le administra el Beático o antes cuando la reconoce muy aflixida de que dá algunas muestras quexandose muy suavemente. Su cama es una alcoba sin puerta en la cozina y junto al hogar cuyo humo ni ceniza no han ofendido ni marchitado su buen semblante y color en tanto tiempo; en la misma alcoba duerme una hija suya llamada Manuela po. se cubre con distinta ropa y no observa, según cuenta, mas movimientos que los referidos, cuya hija demuestra la edad de unos doze años y además tiene un hijo de quinze años y una nia menor qe. la Manuela y su suegra única familia de casa y todos ellos respiran bastante ynocencia y buenas costumbres.

Todo esto lo han observado atentamente ciertas personas forasteras que con buen fin la han ido a visitar el día dos de Agosto de 1815 y lo que uniformemente cuentan sus vezinos y mas de su circunferencia asi del estado eclesiástico como seglar.»

Pol-a cópea

F. B. B.

LITERATURA POPULAR DA PARROQUIA DE PARADELA, CONCELLO DA ESTRADA, NA TERRA DA ULLA

O CONTO DAS MIL MENTIRAS

É o conto das mil mentiras: pol-o mar andan as lebres e pol-o monte as anguías. Era-e-non-era andaba na arada con un burro de barro e outro de palla, tanta alegría lle pegou ca sua nai morta e seu pai por nacer sacóu o gándo da aguillada e botóu o xugo a pacer. ¡Camiños onde non van! Alcontrou c-un año ruzo cabalo de un capitán; leva zapatos de ferro, polainas de cordobán, nas alforxas leva viño, na cabaza leva pan. ¡Camiños onde non van! Alcontrou c-unha ameixeira moi cargada de aveláns: «Dios vos garde, cereixiñas, canto verdes e tempráns». ¡Camiños onde non van! Alcontrou con unha abella moi cargadiña de mel, non tiña onde o meter, sacóu un piollo da cabeza fixo un odre de tres canados, non tiña con qué ó atar sacóu un pelo do sobaco e non lle chegaba, púxoo en tres doblezas e sobrou pra atar un carro de palla e dimpois de tan cansadiño e cheo de traballar fóiseme á taberna con ganas de merendar; o taberneiro estaba parido, a taberneira iba labrar, a cadela estaba no niño e as galiñas iban ladrar, as cuncas barrían o chán, a xesta estaba no cunqueiro. Para facer reverencia hai que sacar o sombreiro.

(Recitadora: Dolores García, de máis de sesenta anos).

ROMANCE RELIXOSO

Nos portales de Belén,
ciudá de Galileia
donde la Virgen parió
una deslumbrante estrella.
—Como estáis, Virgen parida?,
Como estáis, Virgen doncella?
—Estoy moi buena, San José,
no dejo de tener pena,
por ser el hijo de Dios
nado en tanta probeza,
sin tener en que lo envuelvan
sinó una poca herba seca.
Bajó un ángel del cielo
ricos pañales traía,
unos eran de holanda,
otros de holanda fina
para envolver el niño
de Jesús y de María.

(Recitóu: Xosefa Neira, de máis de sesenta anos).

ANACO DE ROMANCE RELIXOSO

. . . . . .

Fueron caminando
moi luego encontraron
con dos pasajeros
y le preguntaron
si para Belén
había donde errar
antes de las doce
a Belén llegar.
Fueron caminando
en conversación
diciendo palabras
de grande afición,
son palabras santas
dignas de adorar;
antes de las doce
a Belén llegar.
Amante del alma,
aquí nos quedemos,
en pago, del Cielo
algo entenderemos,
una noche sola
digna es de pasar,
una noche sola
y a Belén llegar.

(Recitóu: Dominga Vinseiro Canabal, de oitenta anos).

OUTRO ANACO DE ROMANCE RELIXOSO

Caminando vai José,
sospirando vai María.
¡Válgame Nosa Señora
y la claridad del día!
Cando llegan a Belén
toda la gente dormía.
—Abre las puertas, puertero,
puertero de puertería.
—Estas puertas no se abren
hastra que venga i-el día.
—Abre las puertas, puertero,
que está la Virgen María,
la Virgen viene encinta,
encinta viene María.

(Recitóu: Dominga Vinseiro, de ídem).

ROMANCE DE SANTA ELENA

Estando bordando
na miña corbata
con agujas de oro
dedales de plata,
llegó un caballero
pidiendo posada.
—Si mis padres quieren
de muy buena gana.
Puxéronlle a mesa
no medio da sala
con cochilos de ouro
cobiertos de plata;
fixéronlle a cama
no canto da sala
con colchóns de seda,
sábanas de holanda.
Por la media noche
se alevantó,
de las tres hermanas
Elena cogió,
llegó a la Sierra
allí la mató,
hizo un agujerito
allí la enterró.
A los siete años
por allí pasó:
—Pastoritos nuevos
que haceis ahí.
—Guardamos a Elena

que mataches tí.
—Miña Santa Elena,
meu amor primeiro
que sempre che trouxen
no lado direito.
—Váiteme de ahí,
ladrón carniceiro,
que de meu pescozo
fixeches talleiro,
Adiós padre y madre,
hermanos y devotos
que me voy al cielo
rogar por vosotros.

(Recitadora: Dominga Vinseiro, ídem).

CÁNTIGAS E TRIADAS

As nenas de Paradela
elas son moi bailadoras
bailan na punta do pé
como se foran señoras.

—

O pandeiro toca ben,
as ferreñas danlle o són
as meniñas que o tocan
de Paradela elas son.

—

Teño de subir ó alto
que do alto vexo ben
para ver ós meus amores
si se enredan con alguén.

—

Algún día por te ver
abrin portas e ventanas,
agora por non te ver
todal-as teño pechadas.

—

Cómo queres que adormeza
en cama de dous colchóns
si non podo adormecere
en tendo tantos amores.

Aquela meniña chora
que lle doi o corazón
que lle mataron o home
con tiro de munición.

—

Algún día ben cantaba
a gracia non era moita
quedoume no lavadoiro
cando fun laval-a roupa.

—

O muiño troula, troula,
a i-auga faino troular,
a filla do muiñeiro
rabea por se casar.

—

San Xohán pideu a Cristo
pra que non-o adormentase
para ver bailal-o sol
no día da sua romaxe.

—

Eses teus ollos, meniña,
mércochos se tí mos vendes
eche vara de xusticia
cadea con que me prendes.

—

Eu eiquí que vin buscare?
Soledades e a contino
bágoas para chorare.

—

Tanto vai e dar e tere,
tanto dá a auga na pena
que a fai amolecere.

—

Ribeiriña, ribeiresa,
anque che son de Ribeira,
anque che son non me pesa.

(Recitadoras as tres devanditas)

F. BOUZA-BREY

RESPOSTAS A UN CUESTIONARIO

RESUME XENERAL DE FOLK-LORE DE SANDIÁS

POR URBANO SANTANA

(Proseguimento)

Atravesad'a carretera seguindo a misma direución alcóntrase a unhos 500 metros d'ela un pequeno pobo da parróquea (Santana) y'a pequena distancia empez'a levantars'o «monte da Torre» e por il extendido por'o S. W. está o pobo do Castroe no alto do monte hai un castillo, o do Castro (antiquísimo castillo de Sandiás) o que lle falta, unha arista (esquina). «Foi feito, según boca dos vellos, por'os mouros cand'ó de Pena que está de frente a unhos 7 Km. pouco máis ou menos o Sur do d'eiqui, meténdose por'o tanto a Veiga (Laguna Antela) no medio. Fixeron por debaixo da terra unha carretera desd'unh'autra torre e por éla andan os mouros d'un lado pra outro. Cand'os fixeron, os ferreiros de Pena e máis o de Castro, pr'apuntar os picos non tiñan máis que un (martillo) martelo pr'os dous e arreglábanse con él tirándoyo desd'unha a outra cando lles faguía falta». Portas d'entrada non ten outras que algunhas ventanas a alturas diversas pero bastante grandes. E os vellos contan que cando seus abos eran mozos xuntaron varias escadas e subiron a éla, e un que se chamaba« o tío Curcumba» paseábase por'o alto d'éla e foi un mouro e marchoulle c'un zapato sin que o visen».

Se desd'este monte da torre tiramos unha línea reuta hast'o de Coalloso, esta línea cai completamente n'unha llanada; a caída do primeiro monte, xa na llanura e aprouximadamente na línea señalada está o lugar de Pegas, e na mesma línea, aislada do pobo pero máis cerca d'as Pegas que de Sandiás hay unha casa antigoa (casa d'Espido), vella, mitá caída, larga, piso furado, bastante alta (de dous pisos) un ou varios escudos por fora e no medio da fachada unha pedra alta especie de torre en pequeno; esta casa perteneceu a un tal D. Joaquín Sotelo Valledor, e hoxe é do Penedo (Sres. Marquina co'as fincas que a'compañan e foron da casa xa desd'hay moito tempo; a casa está inhabitada y'as fincas andan arrendadas. O lado hay unha capilla pequena c'un Santo mal feito dentro, n'un altar mal pintado e feito o antiguo c'unhas colunas e unhos recimos dependurados (din os rapaces que son cangallos d'uvas), (é a Sta. Magdalena) a que se lle fai por'os d'as Pegas unha festa todos aquiles anos que chega o que se xunta pidindo por'a parróquea, pois se non chega o recaudado, e non o come o mayordomo da festa, queda pr'o ano siguiente.

Si desde Sandiás tiramos unha línea reita que pase por'as Pegas e a dobre distancia pouco máis ou menos alcontramos o pobo de Cardeita, dividido en varias seuciós de grupos de casas soparadas (o Tesiño, a Carreira, os Perces...) Dos pobos da parróquea é iste o que s'alcontra máis cerca da Veiga e por eso teñen feito os vellos do pobo unhas escavaciós en busca d'aberes; pois dise que antiguamente había n'a Veiga unha ciudá (Antioquía) que tuvo Dios que castigala porque vindo por'o mundo pidindo unha limosna non alcontrou máis que unha familia que lla dira, que foi a que se salvou do alago mandada sair por Dios sin que volveran a cabeza pr'atrás; pero un da familia desacatou a orden do Noso Señor entonces volveuse pedra. Pero cando a xente iba co gando pr'a Veiga iballes verrecar ond'a pedra, que despóis foi recollida por'o convento de Trandeiras»... Os de Cardeita alcontraron n'esas escavaciós unha trabe, un pote vello, un pozo con escaleiras e non

sei si outras cousas... Os autuales non dan razón de tales alcontros, sólo dín «contaban os vellos».

A xa nomeada carretera que vay pra Xinzo, un Km. despóis de Coalloso, alcóntrase coa Veiga (Laguna Antela) e crúzaya n'unha extensión de dous Km. e medio; o ir a dereita qued'a veiga de Couso, e a esquerda empeza a extenderse a veiga de Sandiás con distintos nomes (o Areal, Antela, Arrotea, Valadiño, o Teso; e despóis a das Pegas, a de Cardeita, etc.) todas sin límites señalados e fixos.

Perpendicular a carretera (e por tanto na mayor extensión) exténdes'a «ría» (Río de pouca corriente, pantanoso, e soparado en dous por unha govia de trozos discontínuos) n'éla hay unha especie de xuncos chamados «o vión» que moito e segado e traido pra votar na corte e faguer esterco, y'encanto está na Veiga cómeno as vacas. Esta «ría», que no inverno ocupa casi tod'a Veiga e no verán ven a desaparecer por completo quedando sólo algunhos pantanos, sopara duas partes distintas, «o Cabo d'Arriba» (N.) e «o Cabo d'Abaixo; éste tamén está dividido en dous por unha demarcación, o N. pertenece co «Cabo d'Arriba» os pobos indicados, e o S. pertenece a Xinzo, Barouzás, Morgade, Pena...

Desde xempre, o vir a primaveira, que vai quedando reducid'o domiño das augas, mantén bos rebaños d'ovellas e alí pacen tamén tod'o día as vacas dos veciños que se adican a labregos, como é de supoñer, todos de quitad'o cura y'o maestro. Antes había tamén moitas bestas e boas «a herba d'a Veiga faille moito ben a besta»; pero, hoxe ise número xa é ben máis pequeno y'está disminuindo, debido a que as mulas y'os cabalos non defenden por'o baixo precio que teñen na feira.

Tod'arredor, o pobo está bordeado de terra labrada, onde se dan boas cosechas de centeo, navos, algún millo e principalmente patacas qu'é a fartura do país.

A xente, con respeuto a estatura presenta moita variedade, e non se pode con facilidá precisar que tipo é o que predomiña, pero en homes según as Estadísticas de Quintas a altura media é de unhos 1'62 m., e o diámetro torácico por regla xeneral moi desarrollado. En xeneral é robusta, y'en canto a outros detalles físecos non s'alcontran diferencias c'os especifiquen, en conxunto nin soparadamente, pois por ejemplo hay certo predomiño do pelo negro sin embargo tamén hay quen'o ten rubio; e non s'alcontra en ningún caráuter un tipo de xente ben definido, o principal caráuter é a variedade.

Os nomes máis frecuentes son: José, Manuel, Antonio, Juanito; María, Dolores, Carmen, Isabel, Josefa, Ana M.ª..., sin que ésto queira decir que non apareza un Cesáreo, Ramón ou Luís; son contados os que pronuncian istes nomes de distinta forma que s'escriben ou din corrientemente...

Os apellidos máis comús son: Manso, Morales, Méndez, Rodríguez, Blanco, Colmenero, Santana, Rivas, Rivero, Fernández. Vences, Lamas, Dios, Quintas, Feijóo, Carnero, Moreiras, Conde, Cabrera, García, Traveso...

En canto os motes (Lobeira, Curcumba, Carrañolo, Caipira, Cachimbo, Camaretas, Casamira, Vangallas, Escarumba, Perico, Lamela, Muñeco, Matatús, Peneireiro, Paxaro, Liso, Grilo, Chatoleiro, Pateiro, Arañón...); proveñen xa d'herencia (Lobeira, Carteiro...), todos pasan de pais a fillos e d'istes os seus etc., xa do tipo (Pineireiro, tipo alto e delgado; Carrañolo de Carrancholo, por ter unha perna máis pequena que outra); outros proveñen do nome (Liso de Elisa; Vangallas de Evangelista; «iste foi un día traballar e a filla chegou algo tarde pr'axudarlle entonces rifáballe («ei condanada eiche de por n'un talleir'o pescozo; y'a muller qu'estaba oindo todo verráballe «¡ay Vanguelista se lle tocas a rapaz'afógotel» y'así de Evangelista proven Vangallas.

Cando viñeron os franceses aterrorizaban a xente pois o aprouximarse foron poñerlle carros, paus, cancelas, pedras, etc. na carretera antes do pobo pra impedirlles o paso; e abandoaron as casas e foron pras touzas ou pro monte levand'o que podían, pois os franceses entraban as casas e comían o que alcontraban y'os cabalos púñanos a comer nas arcas do grau; o pasaren pra Portugal decían «España está vencida e Portugal é un soplo»; pero cando foron

chegados despóis de Xinzo end'a Serra de »Larouco», a «Aguioncha» os veciños metéronse por unhas cañizadas e os enemigos o telos tan de xeito escangalláronos, e cando viñan de volta xa solo viñan unhos poucos con máis medo, o parecer, que outra cousa e buscand'o camiño máis dereito...

N'iste pobo houbo varios carlistas; o principal cabecilla era o tío Prol pero andaban además o tío Bueno, o tío Curumba, o tío Barroso, o tío Perucho; iste foi por'o visto o que matou a outro do pobo (tío Eusebio) asomous'a ventana y'o tío Perucho por mal querencias ou enemistá que había entrambos, zorregoulle un tiro e matouno; a familia encheuse de medo y'escapou da casa por detrás (algún home máis que había n'ela vírono os veciños escapar por aquelas hortas en calzoncillos); pero os Carlistas anque eran bastantes debían de ser de pouco pelo porque pra faguelos fuxir iba un veciño e púñalle lume a un palleiro pra que o verrar auga... se xuntase a xente y'estonces escapaban a máis non poder. Foron xunt'o Recaudador unha noite, iban moitos per'o Recaudador meteu os cartos en saquitas d'os clavos (entonces o diñeiro era ouro, ichavos, décimas, e billetes non había) y'escondeunos entr'a palla da corte e despóis franqueoull'as portas corrales e todo, pra qu'entrasen per'o ver tanta frescura, desconfiaban e non querían entrar; por fin despóis entraron e marcháronlle con sesenta pesos unha pistola e unha escopeta...

Dis'acerca da muller e do home «A muller cando é rapaza, é reina; cando moza, puta; cando é vella, bruxa»: «O home, cando é rapaz é rey; de mozo, capitán; de casado, burro, e de vello can»...

Hay outros ditos e refrás como; «O pan temperáu, ou en palla ou en grau».

«Navos e señores, canto máis raros mellores».

«Os navos por'o San Bertolomeu, cada paso seu.»

«Xaneiro muliñeiro, nin boa meda nin bo palleiro.»

«O mes de Xaneiro e o xeadeiro, Febreiro muliñeiro, Marzo esqueiroso, Abril chuvioso, Mayo pardo, e San Juan claro, en Seitura sol, y'en Agosto mellor».

«Entre Santos e Natal é o inverno caroal».

«Xeada n'a lama, chuvia na cama».

«Tanto dur'a mala veciña com'a neve marciña.»

«No mes de Xaneiro súbet'Outeiro, se ves terrexar vótaté a cantar e se ves verdegar vótat'a chorar.»

«Habendo neboira o día de San Pedro Fiel, castañas furadas e navos ruís.»

«O entroido é un lavadurán, que come máis carne que pan.»

«Febreiriño corzo cos seus días vinteoito, se duraras máis catro non deixabas can nin gato.»

«Nin bo Pedro, nin bo burro negro, nin bo lameiro por riba do rego, nin de sabugueiro un bo vencello, nin de cuñado un bo consello.»

«Ano de belota, ano de larota».

«Pra ir a misa y'o muiño non esperes por'o veciño.»

«Catro cousas quer'o amo do criado que o serve, deitar tarde, erguer cedo, comer pouco, y'andar alegre.»

«Cando a rola oias rular, cull'o liño e vai sementar.»

«As bruxas xúntanse pra ir o Areal de Sevilla; cóntase que había unha no pobo, é o viren a buscala a noite, levantábase e deciall'o home, «eu te bendigo meu home pasand'o meu cú por'a tua cara pra que durant'a miña ausencia non che pase nada», per'o home despóis levaba o cabo d'aixada e decialle «eu te bendigo miña muller co cabo da miñ'aixada (1) pra que non volvas pasar o teu cú por'a miña cara»...

«Unha vez, y'esto non fai moito tempo porque llaconteceu a nai da tía Quiridiña (conta éla), cando ainda era rapaza puxéronselle os ollos mancos porque a vira unha bruxa e había que poñerlle os rescritos, e o pai d'ela como os cregos é unha cousa que faguían de mala gana, (unha tardiña marchouse levando un sacho pra que nadie soupera nada, foi xunt'o crego de Zós qu'era entonces Fray Antonio e troux'os rescritos en todo secreto e meteunos n'a ucha, pero anque nadie lle dixera nada a mañán foí unha do pobo que tiña fama de bruxa y'en-

(1) Pegándolle con ll pau duro.

controu na casa a enferma y'a nai solas; ésta tampouco sabía ren dos rescritos e díxolles «que puxesen os rescritos» pero como a muller (nai da rapaza) non sabía nada desculpouse, mais a bruxa anqu'era en casa allea foi dar direutamente cos rescritos a ucha, puxéronllos e sanou»...

«Un cura viña d'unha vez d'un enterro e xa era noite; no camiño viu estar as bruxas lavando n'un tanque, y'ouservou que unha ergueull'os cestos a todas e despóis dixo, «y'agora quén m'ergue a min»: entonces o crego verroulle «eu ch'erguerei bruxa dos demonios»; tan pronto dixo ésto marcharon tras dil e foron curre, curre, curre... y'o chegar ond'había unha capilla e outras quedaron abaixo, y'empezaron a tirar con il de baixo pr'arriba, e de riba pr'abaixo... hasta que o deixaron de tal forma que morreu o cabo de tres días»...

«Outra vez era un que viña de Xinzo co carro sin nada; meteuse na noite, y'o chegar a Veiga metéronlle os facheiros nos ollos, desencaváronll'o carro e fixéronll'escapar os bois co chedeiro sin o rodeiro, que o tiveron qu'ir buscar o día siguiente...»

Lobos xa fai tempo que non'os hay; sin embarg'os vellos contan casos e pasaxes que lles ocurriron a éles tal como cando iban o fiadoiro ou a tuna que lles aparecían no camiño e tiñan qu'escapar unhas veces, e outras subirse a un carballo y'esperar que fose día...»

«Indo un mozo pro fiadoiro a outro pobo no camiño alcontrouse con un lobo que o acompañou hast'a porta do fiadoiro; máis tarde foi coa moza hast'a casa; éla xa lle decía que non marchase por mor dos lobos pero él querendo faguerse máis valente marchou levando consigo un pau e no camiño aparecéronselle dous e foron con él hasta chegar a un sitio onde había unhas chafagueiras e sitio escuro, etc... y'empezaron a darll'o rabo e bater os dentes e saltaron con él esgazárono todo; rompéronll'a chaqueta y'el a defenderse co pau; pero tiña un can moi bo y'anque era bastante lonxe deulle o aire do lobo e deu en ladrar por salir y'abríronll'a porta, marchou ond'o indivíduo pelexaba cos lobos e fixos escapar; mentras o can os foi levar alá adiante aparecéusell'outro que tamén o can o escaramuzou, e despóis outro, o mismo, y'así foi hast'a casa, chegando todo espelicado e cheo de medo e o entrar a porta caeu e non se volveu levantar e por fin o cabo de dous días morreu»...

«Era un home, e o cura falle pr'onda muller e un día pillouno debaixo da cama escondido:

—Eu xunguín os meus bois xotos, e levei-
[nos a arada,
Tras d'aquela porteliña, esquecéusem'aqui-
[llada.
Tornei e volvín por'ela, topei a porta pe-
[chada,
Eu entrei e fun entrando senteime ond'acos-
[tumbraba
E vin un gato moi negro que tiñ'a coroa
[rapada,
¿Qu'é aquelo miña muller c'anda debaixo da
[cama?
—Ech'o gato do abade c'and'atrás da nosa
[gata.
—Inda non vin gato negro que teñ'a coroa
[rapada,
Trai pr'aiquí esa escopeta; tirareill'unha
[tirada
—Non fagas eso meu home, que m'acende-
[ral'a cama
—Quén te me dera muller no medio d'aquel'
[arada
Con cen carriños de leña, y'outros tantos de
[retama (o parecer para queimala)
—Quén te me dera meu home no medio
[d'aquela sala
Cos pes todos amarillos, e coa color demu-
[dada
Y'os cregos a porta decindo, que salga,
[salga.
O luto que había por, era baeta encarnada
E chorar iría chorando, chorando de mala
[gana
Pra que digan as veciñas ¡como chora!...
[¡miña coitada!»

Dos cregos o que se conta sole ser todo salíndolle todo mal: «Era un qu'estaba na parróquea de Pexeirós, e roubárono unha noite; pero él, anque non'o sabía ben de certo, desconfiaba d'un home, seu feligrés; un día falou c'un fillo do tal, que inocente e pequeno, confesóulle o roubo; pero como

testigos non habia, ofreceulle un traxe e unhos zapatos pra que o dixera o domingo na misa, a vista de todos; pero díxollo o pai, e cand'o crego, despóis d'esplicar un pouco o conteñido do Evangelio, dixo: «o que vai decir iste rapaz é tan certo com'o Evangelio de hoxe; rapaz dí o que sabes»; entonces o rapaz dixo: «Miña nai anda p.....do cura de Pexeirós, e meu pai non'o sabe, pero sabémolo nós»; a tal contestación, o crego, ¿qué diría senón?: Orate frates non me trates con rapaces»...

D'o demo contan que, vindo unha noite da tuna unhos catorce ou quince mozos, aparecéuselles en forma de besta, que a colleron e empezaron a porse d'acabalo, e cantos más se puñan, máis ib'alargando pra que se puxesen máis. hasta que se puxeron todos; era pr'atravesar un río, pero cando iban no medio, o qu'iba diante, revolveuse e dixo: ¡Ay, Jesús, que trandeira!, y'entonces a besta (demo) desapareceu e quedaron todos no río...»

Hay además certos acaecimentos dinos de contar, como: «Cand'o tío Lobeira iba pro monte e lle decía o pai: «meu pai, a ovella morta, ¿déixoa na corte ou lévoa pro monte?», y'o pai contestáballe: «¡ay, burro, burro, fillo d'un burro!, dalle de comer e deix'a na corte»...

«O que marchaba pr'América e decía: «despedinme de meu pai e non chorei; despedinme de miña nai e non chorei; despedinme de miña hirmá e non chorei; despedinme de meu hirmán e non chorei; despedinme da miña novia e non chorei, e despedinme de meus parentes e tampouco chorei; pero cando saliª para marchar, foi a vaca marela e meteu a cabeza por unha regandixa do cancelón e dixo; «maaa»... ¡y'entonces si que chorei!...

«Un tal tío Polinario, (Apolinar), rezaba as noites con algún veciño o rosario na cociña, y'o vir os ofrecementos tiñ'a a costume de decir: «un padrenuestro por D. Gaspar e por tua mai Rosa (decíall'a muller), e por a miña, e por meu pai, e por'o home da miña mai, e por'o home que morreu nas penedas, e por... a maor necesidá da parróquca... (y'añadiu, pra completar, o veciño desd'a esquina), «entonces por'a vaca da tía Roqueira que xa fai tres días que non se levanta co'a fame...»

COSTUMES DA XENTE, RELIXIÓN, SUPERSTICIÓN.....

De todas as costumes da xente, a que máis se conserva, perdura e a nadie se llesquenceu, é a de comer. Por'a mañán, cada cual vai almorzando, o levantarse, despóis de fregar os ollos con auga, ou sin ela as veces, según a idea de cada; o almorzo consiste, frecuentemente, en un par de cuncas de caldo con pan (centeo); bueno, cando éste escasea ou o forno non coce, cómese vica (que é pan de millo feito na lareira da cociña e sin lévedo). Despóis d'iste almorzo, vaise o traballo (arar, aricar, decruar, refender, apañar patacas, sachar, apañar navos, pr'o monte co gando, partir pedr'Outeiro s'é canteiro, etc...) As doce o crego toca a campana grande, pra indicar que a xente non s'olvide d'ir xantar, que consiste en máis caldo con pan (a esta hora quizá sabe mellor porque está feito de novo; non é com'a noite y'a mañán, que istá requentado, ou con unha pouc'auga pra que aumente, se non chega), cachelos de patacas ou éstas compostas (remexidas con auga quente e grasa); s'a vaca da leite, unha cunca d'il, e se hay carne comes'unha pouca, e se non pan sólo, e nada máis. O vir as cinco ou as seis da tarde, s'é tempo de vrau cómes'a merenda, pero no inverno os días son pequenos, e por decir que ven a Coresma, pra non estar impostos a malos vicios, non se merenda (a merenda sole ser pan con carne ou cebola, ou pan sólo, según....) Cando se merenda, a cea sólo se compón de caldo e pan; pero se non se merenda, entonces pr'á cea hay que cocer un pote de cachelos pra comer antes do caldo, sólos ou untados, según as circunstancias de cada (en caso de que sexan solos, xa saben as mulleres cocer menos, porque non corren tan ben.) E a comida de «todol'os días» consiste na repetición contínua d'iste mecanismo, podendo variar por algunha circunstancia, algún d'os componentes ou o número d'éles, per'o caldo non falta, nin por casualidá, y'as patacas tamén son de sempre. Esto, desde logo, falando d'unha manei-

ra xeneral e tomando as cousas por'o máis podre, pois antre os mesmos labregos, non falta quen, en vez de vender os xamós, como é o máis corriente, se coma boas magras; non é cousa dogmática nin xiquera dentro de cada familia.

Cando aparece unha festa, de primeira intención non falta a bota ou a cabaza c'o viño e pan de trigo, e os pistos varían según a posición de cada cual; é costume tradicioal, no día d'Entroido, comer a cachucha; outros, en ve d'a cachucha, comen lacón ou o pedro, e tod'o mundo fai as fillogas. Pr'outro día da matanza (o día da desfeita), convídase os parentes e amigos (o que vay queda obligado a convidar o día que sex'a d'il) pra cear; tamén se fan as fillogas, cómese lombelo, os rixós, a paxarda, un pedazo de costela asada, os miolos cocidos con hovos e trigo, faise un pote de papas, e o remate xóganse unhas partidas de brisca amistosamente e contando algún conto pra rir un pouco... O día da malla, faise o arroz con leite, pero sólo pra familia, pois agora, co'as máquinas, non se lle da de comer a xente máis que pan e viño; pero antes os mallos matábaselle un carneiro... O día de Navidá, cómes'o pulpo, principalmente, y'os outros días de festa, cómense cousas variadas: o roscón, algún coello, pescado, etc... Antes, o día do Patrón (San Esteban) o crego pagaba unha festa, pero agora solo hay unha misa cantada ou de tres, e siquera se garda día santo, pois ise día trabállase com'os outros. Antigoamente, o vir os días d'Entroido (domingo e martes), faguíanse moi boas festas, con burros, carruaxes, fargalleiros, gitanas (imitación d'élas), etc...; faguían un entroido de palla e metíanlle unha buxiga d'o porco chea de sangre n'a barriga, y'o martes, o por do sol, tirábanlle tiros, hasta que sali'o sangre e cai'o entroido; todo ésto en medio de canterías, toque de latas, caldeiros, cucharas, chaves e cazolas, pandaretas, etc.; agora ises festexos van desaparecendo y'ecliusándose, e xa, únicamente, se ve unha carantoña que outra, ou catro rapaces que queren faguer que fan; pero desapareceu aquil humor dos vellos, armar disputas e parrafeos en verso, etc.

(A seguir no número próisimo).

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

LUSITANISMO NA UNIVERSIDADE

O profesor Hernani Cidade veu faguer un cursillo de confrencias na nosa Facultade de Letras, en col da historia da literatura portuguesa, dendos orixes hastra a nova lírica da post-guerra.

Todol-os máis outos prestixos da terra irmá, dende Xil Vicente e Sá de Miranda, hastra Ribeiro, Maria Beirão e o Teixeira de Pascoaes, foron xulgados e categorizados en estudos encheitos de sabencia e sensibilidade.

O cursillo foi un éxito, pol-a cantidade de xente e, sobre todo, pol-a calidade dos ointes. O ilustre profesor da Universidade de Lisboa, noso amigo de sempre, probou máis unha vez os seus intanxibres merecimentos.

VIANA, Abel.—*Notas históricas, arqueológicas e etnográficas do Alto-Minho.*—I. Viana do Castelo, 1930.

COMPRENDE iste primeiro fascículo de estudos miñotos seis apartados adicados respectivamente a «O quadro de Lanhelas...» descripción local da loita de 1640 descripto graficamente n-unha pintura popular; a «un diálogo popular en verso» de difícil paralelo en Galicia pol-a longura da composición; a «pesca do sável no Río Minho» que debe de ter moita analoxía ca que se fai en Tui do mesmo peixe: a curiosa descripción de «O carocho, barco típico...» do dito río: á «pedra tumular e marco funerario... da freguesía de Campos...» e a unha «roca de Afife» da coleición do autor. F. B. B.

BRAGA, Alberto V.—*O culto da alfádiga e dos cravos. No amor e na crença. Esboço etnográfico.* —A Cruña, Edt. NÓS, 1931.

O distinguido etnógrafo lusitano Vieira Braga, sabedor dos segredos do pobo minhoto, pubrica no tomo III dos Arquivos do Seminario de Estudos Galegos este ledo e primaveiral esbozo adicado ás mozas suas coñecidas. Corresponde a pranta qne se estudia á castelán alfáfega ou albahaca; o cravo é o noso caravel, que se coñece con aquel nome tamén nas nosas terras raianas.

As costumes das romaxes de Sant-yago da Costa, da Sra. de Ataes, do San Bento das Peras, en Vizela, da Sra. da Lapinha, en San Lourenço de Calvos, e da festa das Cruces en Cerzedelo, son descritas con amor pol-o querido amigo. Choutan as cántigas frescas de orballo en que entran as frores obxeto do estudo, estúdase á nomencratura popular das variedades dos caraveles; e a terra de Guimarães, tan rica en tradizóns, vive n-estas follas unha vida de inxenuo e sán primitivismo.

Non é dificultoso, por outra parte, topar analoxías con costumes galegos, inda que a alfádega sexa mais ben pranta do meiodía e non interveña nas nosas festas populares, como no Miño acaesce tal vez por infruenza dos países meridionaes da Lusitania, F.B. B.

BRAGA, Alberto V.—*Curiosidades de Guimaraes, III Montarías (Subsidios históricos e etnográficos).*—Famalição, Tip. Minerva, 1931,

Os dous estudos primeiros da serie de curiosidades vimaranenses adicados respeitivamente ás «mulheres, jogo, festas e luxo» e ás «maltas de salteadores e unha quadrilha de nomeada» continúanse dinamente con iste terceiro no que se estudian con erudizón e arte as monteirías a lobos e raposas nas terras de Guimarães, pol-o tan ilustre folklorsta Vieira Braga. A orgaizazón das mesnadas forales pra ir correr ô lobo na Edade Meia; as batidas ás feras na Coresma como obriga; a esistenza de foro do Monte dando lugar ás supervivenzas toponímicas de *Foramontaos*, con que en Portugal e na nosa Galiza son coñecidas algunhas feligresías; a caza ô *fôjo* que «é unha cova grande e profunda, aberta na extremidade de duas extensas paredes altas e capeadas, con algunhas centenas de metros, cuja disposiçao é a de un ángulo de muito longa abertura onde o lobo penetraba por un corredor e os homes armados o facían cair no foxo no que eisistía unha porta por onde o retiraban dempois de matalo a tiros con motivo de fonda investigazón. «Quasi todas as frêguesías possuian o seu «fôjo» e ainda se encontran muitos pola sêrra», dí Tude M. de Sousa, cit. pol-o autor. Compre fixarse na cantidade de lugares que hai na nosa terra co nome de Foxo, que obedece indudabremente a istas monteirías medioevaes que acreditan os antigos documentos. Canto de máis importante eisiste de folklore dos animaes referidos é comentado felizmente pol-o etnógrafo Braga que aporta non somente conocímentos magníficos pra ilustrar os costumes do seu país sinón que contribuie a que Galiza conte con fontes de paralelismos e coincidenzas de grandísimo valor comparativo. Felicitemos o tan laborioso escritor e aproveitemos as suas enseñanzas.—F. B. B.

CABAL, Constantino.—*Las costumbres asturianas, su significación y sus orígenes. La familia, la vivienda, los oficios primitivos.*—Madrid, Edit. Voluntad, 1931.

Un novo libro nos proporcioa o infatigabel mitógrafo, autor de isas duas grandes series de investigazón folklórica adicadas á mitoloxía asturiana e ós costumes asturianos. O ilustre cronista de Oviedo forma con Aurelio de Llano, Delegado de Bellas Artes de aquela rexión, unha parella exemprar pra cantos nos sentimos levados pol-o amor ás cousas populares, que honra verdadeiramente a un país. Galiza ten de conecer a etnografía e o folklore portugués, mais non pode iñorar a bibliografía asturiana encol de istas materias como non pode iñorar a de ningúnha zona limitrofe á que se estenda o seu infruxo como con León e Zamora socede, por non falar do Bierzo que é, en todo e por todo, perfectamente galego. Velaiquí a importanza estraordinaria que pra nós teñen os libros de Cabal.

Ocúpase n-este que temos diante dos tipos de casa, describindo a mariñana e a vaqueira, cas suas dependenzas, instrumentos de labranza, material de traballos caseiros, nome das vacas... Por certo que de eles non son comúns en Galiza senón os de Cuca e Pichona que en Asturias se alcontran. O hórreo merez erudito estudo de grande interés pra a nosa terra, onde só os nomes que reciben as diferentes crás de hórreos poderían ser obxeto de vagarosa esculca. ¿De onde derivará o de *piorno* que en boa parte da ribeira da Arousa reciben?

A caza, a pesca e o pastoreo son outros tantos capíduos en que o autor nos mostra con documentazón rica e bibliografía selecta a vida do *rus* asturiano. O mesmo que na obra de Braga se proba respecto ô Portugal do medioevo, tamén en Asturias había Monteiros Maores encarregados de formar cuadrillas pra perseguir ós animaes dañinos que eiqui están aumentados cos osos e as águias. Inda hoxe se fan batidas.

Eiquí e alá poden toparse esactos paralelos ós costumes galegos que fan istes volumes de Cabal de suma necesidade pra cantos pretendan determiñar a estensión de determinada creenza, mito ou costume da Galiza tan ricaz en materiaes de ista natureza.—F. B. B.

Imprenta NÓS. Hortas, 20. Santiago

Apareceu o volume I da "Biblioteca Murguía"

DE ESTO Y DE LO OTRO

por Roberto Blanco Torres.

Pedidos a NÓS - Hortas, 20 - SANTIAGO

FOTOGRABADO

Si quer qu-os seus fotograbados sexan o mais perfeito posibres, convenlle envialos aos
Talleres de fotograbado ESPASA-CALPE S. A.
Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Droguería e Farmacia

LUIS FÁBREGA

Progreso, esquina a Luís Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros RAFIUM

De mais dura qu'os de pruma e limpan millor. Véndese en todol-os estabrecimentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

O movimento demóstrase andando . . .
O galeguismo lêndo as pubricazóns NÓS

Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo

SANTIAGO DE GALICIA
DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva
CIRUJANO GINECÓLOGO

Establecimento dotado de todol-os elementos que exixen a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas da poboazón, moí cerca do paseo da Ferradura
Teléfono número 195
Pra detalles, calquera dos Direitores ou o Médico interno

A hixiene nos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás suas altas calidades meiciñás xunta toda a finura e prefume d'un xabón de tocador.

Contribuie ô perfeito desenrolo das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitísmo.

1pta PASTILLA

JABÓN LA TOJA

ÚNICO EN EL MUNDO

O Xabrón da Toxa é o mellor. Honra á Galicia no mundo enteiro

AGUAS DE

MONDARIZ

FUENTES DE GANDARA Y TRONCOSO

Propiedad de Sel Sres. Hijos de Peinador

Véndese en todal-as Boticas, Droguerías, Hotels, Depósitos d'augas minerás, Restaurians e vagós-camas de todol-os trés.

Estas augas, de sona universal son o remedio enxebre e eficacísimo cand'un quer combater o Artritismo, a Diabetis, Desnutrizón, Obesidades diversas, doenzas do Aparello dixestivo, Anemia e Neurastenia

Riquisma augá de mesa

gaseada naturalmente

Mondaríz-Balneario, áchase á 35 Km. de Vigo